

A ILLA DE RÚA

Disque a illa de Rúa foi formada por unha nube que quedou varada no medio da ría de Arousa nunha noite de verán. Debeu ser que de tanto que se achegou, tocou no mar e ficou alí, encallada.

Din tamén que a ría está protexida polos Santos do mar e que eles non permiten que entren grandes mareas ou tormentas, por iso deixaron caer por aló algunhas nubes.

As nubes, cando tocan o mar convértense en rocha e caen. Iso sábeno ben os mariñeiros e tamén as gaivotas que fan os seus niños nos cumios das enormes penas que ten a illa.

En Rúa habitan bandadas de gaivotas, que cando cae o día voan sobre a illa mentres discuten sobre cousas relevantes, como as vindeiras eleccións municipais, o prezo da vivenda ou o ascenso do Depor. Tamén hai un faro vello e unha balea que semella que fora tamén nube e que ficou convertida en pedra xusto antes de botarse ao mar. É unha balea enorme, dá xenio vela.

A miña muller recorda que cando era nena, xogaba entre as pedras da illa, mentres seu pai andaba por alí a pescar. Nos veráns, cando viñan de Nova Jersey a ver a familia, achegábanse nunha dorniña desde Palmeira pola mañá e voltaban antes do almorzo. Seu pai era bo pescador e ela un mundo de imaxinación, quedaba por aló brincando, procurando estreliñas e fantaseando con castelos nas pedras ou tesouros que chegaban do mar.

O último fareiro de Rúa disque sabía moitas cancións de asubiar. Pasara moito tempo alí soño, e ás tardiñas, mentres o sol pousaba lento no horizonte, subía prender o faro, e quedaba alí un anaco, pensando nas festas da vila, imaxinando que era unha celebración nas fiadas e nos seráns da zona, e que asubiaba rumbas, cantares de mariñeiros e pasodobles moi animados, que os tocaba dando voltas e máis voltas para que as parellas disfrutasen ben e tamén para incomodar ao cura.

Despois de marchar el da illa, xa maior, disque para adicarse a actuar polas festas da comarca, puxeron a un fareiro que ía e viña para acende-lo faro nada máis. Ao final un día que non lle viña ben, deixou de ir e, se cadra, entre serán e serán, todos foron esquecendo que o faro xa non prendía. Quizais tamén porque andaban a outros asuntos, como a debatir canto peso era necesario meterlle ás bateas para alimentar o mexilón ou se para a sardiña era mellor broa ou centeo.

As gaivotas pola súa parte non saben nada de faros, polo que excusaban de empregar enerxía no tema. O caso é que desde aquel tempo, xa ninguén mora alí. Só as aves e aquela balea grande que debeu quedar pensando, *caghi na... por un nadiña fiquei aquí varada*. As nubes que pasan, pola súa parte, coidanse moito de achegarse de máis ao mar cando van pola zona, despois de pasar polos forcados.



Óscar Górriz. Xuño de 2026